

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **8 de xuño de 2022** a través de Teams, coa asistencia dos seguintes membros:

Alicia Gloria Risso Miguez, Ánxela María Bugallo Rodríguez, Carlos Isolino de Paz Villasenín, Cristina Pardo Carabias, David Posada Fernández, Eduardo José Pásaro, Eva María Espiñeira Bellón, Juan Carlos Rivadulla López, Lucía Vázquez Ben, Óscar González Iglesias, Pedro José Vega Marcote, Román Estévez Tallón, Yolanda Golías Pérez.

Desculpan a súa asistencia os profesores Manuel Peralbo Uzquiano (Decano), Nuria Rebollo Quintela e Blanca Laffon Lage.

Comeza a sesión ás 17h, e toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT Juan Rivadulla López para anunciar que a alumna Laura Méndez Casal, do Grao de E. Primaria, conseguiu co seu TFG, titulado "*Ecoliteratura: un proxecto de educación literaria e medioambiental*", o 1º Premio UDC Sustentabilidade, sendo esta daquela a primeira vez que a Facultade de Ciencias da Educación logra este premio neste 1º posto. Pasa seguidamente á **Orde do día**:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (29/3/2022).

Como a acta fóra posta a disposición dos presentes a través do correo electrónico e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

2. Informe das actividades levadas a cabo na Facultade de Ciencias da Educación.

O profesor Pedro Vega Marcote, como presidente do Comité Ambiental, despois de dar a benvida aos presentes á reunión e agradecer a súa asistencia, celebra tamén a consecución dese 1º posto nos IV Premios UDC Sustentabilidade e comenta, a modo de anécdota, como o interese da gañadora pola Educación Ambiental naceu a raíz precisamente dunha charla sobre da pegada ecolóxica impartida polo propio profesor Pedro Vega na Facultade de Ciencias da Educación. Ademais comunica a próxima incorporación da profesora Patricia Carballal, directora do mencionado TFG, ao Comité Ambiental da Facultade de Ciencias da Educación.

Igualmente, informa da futura colocación de buganvíleas na zona principal de entrada á Facultade de Educación, en substitución da cuberta agora desmontada, segundo lle indicou hai uns días a Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade, Amparo Casares.

Seguidamente, recorda que este ano á Facultade de Educación tócalle renovar a súa Bandeira Verde e explica que será David Posada, na súa condición de becario, quen elabore o informe final a remitir a Green Campus e, por tanto, quen presentará nesta reunión esta relación de actividades realizadas, xa incluídas no borrador (punto 4 da Orde do Día). Este borrador estará en breve á disposición de todos e todas os membros do Comité Ambiental para a súa revisión.

Igualmente, pon en coñecemento dos e das presentes que a reunión presencial co responsable do Green Campus será o 29 de xuño.

3. Proposta e aprobación, se proceder, da distribución de tarefas do comité.

Aproveita a súa quenda de palabra o profesor Pedro Vega para propoñer a distribución de tarefas do Comité, como segue:

- Xestión de tempos, espazos e recursos da Facultade: o profesor Juan Rivadulla López, Vicedecano de TFG, Estudantes e PAT.
- Ambientalización Curricular: a profesora Ánxela Bugallo Rodríguez.
- Contacto e Dinamización do Alumnado: o alumno David Posada Fernández.
- Relación cos Mestrados: a profesora Yolanda Golías Pérez.

4. Presentación do borrador do “Informe-memoria plan Green Campus da Facultade de Ciencias da Educación 2020/2022”.

Para este novo punto toma a palabra o alumno David Posada Fernández, quen pasa a relatar, apoiándose nunha presentación de Power Point, as cuestións en torno ás que se leva traballado este curso:

1. Xestión de residuos, mediante a caracterización de residuos realizada o 30 de novembro, e na que se apreciou unha mellora significativa con respecto a anos anteriores.
2. Xestión da auga, mediante unha ecoauditoría da auga na Facultade de Ciencias da Educación dirixida polo persoal da OMA.
3. Xestión da enerxía, a través do programa de fomento de aforro enerxético, con novos carteis con QR cos ecocompromisos dispostos en aulas, mesas de estudo e mesas do profesorado, e repoñendo cartearía para a promoción do uso do ascensor.
4. Pegada Ecolóxica, analizando en particular os resultados correspondentes á Facultade de Ciencias da Educación.
5. Ambientalización curricular, salientando a inclusión de competencias e obxectivos específicos de Educación Ambiental nas Guías docentes de Graos e Mestrados, e o avance no seu tratamento transversal, do que é un

claro exemplo o TFG gañador do Premio de Sustentabilidade, que combina Educación Ambiental con Literatura. Tamén se formulan novas recomendacións.

6. Marzo Ambiental na Facultade de Ciencias da Educación, que incluíu TICs e xeorreferencia participativa, obradoiros sobre residuos, reciclaxe e compostaxe, mapeo de contaminación acústica...
7. Mobilidade, onde destaca o préstamo de bicicletas, das que conviría aumentar o seu número, e máis a promoción do uso das escaleiras.
8. Fomento do voluntariado ambiental, a través de varias accións: promoción mediante redes sociais, sobre todo Instagram; contacto con ONGs, Campaña #lixoretrete; sorteo do xogo *Pasagreencampus*...

5. Proposta xeral de actuacións para o curso 2022/2023.

Toma a palabra a profesora Ánxela Bugallo para informar en máis detalle sobre dos avances realizados en *Ambientalización curricular*, que tamén se incluírán no informe final. Dado o éxito de todas estas actividades, tanto as programadas ao abeiro de distintas materias de Graos e Mestrados da Facultade de Ciencias da Educación, como doutras iniciativas particulares do propio Green Campus a nivel de Facultade, pero tamén da Universiade no seu conxunto, proponse organizalas novamente no próximo curso, ademais doutras novas que podan xurdir.

6. Quenda aberta de intervencións

Aberta a quenda de intervencións, o profesor Pedro Vega recorda a distribución de tarefas anunciada durante a sesión, deixando aberta a posibilidade de propoñer outro reparto e/ou novas funcións.

A conta da próxima instalación de buganvíleas, a profesora Alicia Risso suxire un posible aproveitamento da zona de prado situada xunta á fachada. Tamén pregunta polo servizo de aluguer de bicicletas eléctricas que ofertará proximamente o Concello da Coruña, pensando na mobilidade dos e das estudantes. Discútese sobre a súa conveniencia para persoas con mobilidade reducida e lugares con abundantes costas (como pode ser a cidade da Coruña), pero recoñecendo o seu maior impacto ambiental fronte ás bicicletas con pedais e sen esquecer que, novamente, o principal problema da comunidade universitaria, en termos de Pegada Ecolóxica, é a mobilidade.

Finalmente, o Vicedecano de TFG, Estudantes e PAT Juan Rivadulla volve agradecer en nome de todos os membros a labor do profesor Pedro Vega liderando o Comité Ambiental da Facultade das Ciencias de Educación e máis do alumno David Pousada, pola súa dedicación e esforzo.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18.20h.

A Coruña, 8 de xuño de 2022,

Lucía Vázquez Ben
Secretaria do Comité Ambiental